

# A emigración e a muller labrega

IES Ramón Menéndez Pidal. Zalaeta. A Coruña





A emigración é parte do noso ADN cultural e vital. Prácticamente en todas as nosas familias temos membros que nalgún momento da súa vida decidiron trasladarse lonxe da súa terra e a da súa familia para sacar ás seus adiante e atisbar un futuro máis prospero.

Houbo moitos destinos que acolleron aos nosos maoires: Venezuela, Arxentina, Brasil, México, en América do Sur ou Suíza e Francia en Europa. Temos con todos estes lugares unha conexión especial e unha débeda profunda.

No noso mural centrámonos na emigración máis profunda, a que levou aos galegos a outro continente. Desde os portos de A Coruña e Vigo, os emigrantes partían a un novo mundo en grandes barcos de pasaxeiros con nulas comodidades e levando con eles tanta ilusión como incerteza sobre o que se ían atopar ao alcanzar as costas do seu novo fogar.

A imaxe que achegamos no mural quere facer unha homenaxe a todos os emigrantes que, con poucos enseres e moita fé, enchían aqueles barcos grises que, en longuísimas viaxes, cruzaban un océano.

As maletas e baúles que incluímos na imaxe representan as expectativas que tiñan postas na aventura que emprendían. Incorporamos noutro plano, o elemento que une os dous mundos, o do emigrante e o da familia que queda na terra: a carta postal. Neses tempos, o teléfono era case un luxo e as conferencias intercontinentais, inasumibles para unha familia humilde polo que o único medio de comunicación entre os seres queridos era o correo postal. Nesas longas cartas escritas cunha linguaxe moi cuidada, os emigrantes e as súas familias relatábanse todas as novidades e transmitían todo o cariño e os desexos de reencontro.

A muller labrega encarna o apego á terra e a responsabilidade de manter a salvo a familia e as súas pertenzas. É un oficio a tempo completo e sen o recoñecemento que merecería. As labores do campo destacan pola súa dureza e a súa incerteza xa que hai factores non controlables que poden arruinar todo o traballo.

Representamos a muller labrega traballando no campo, suxeita as inclemencias do tempo, e anclada ao terreo mediante unhas raíces que metafóricamente refírense á dedicación completa ás labores.

En canto ao tratamento:

- A imaxe que representa a emigración transmite a idea da frialdade do desapego, a tristura do desarraigo, o medo ao novo. Por iso empréganse cores frías e un despece con formas regulares.
- A imaxe da muller labrega introduce a idea da terra e do esforzo, polo que aparecen as cores quentes e formas irregulares no despece.

A liña de trazos une as cartas dos dous lados, que se dispoñen nun plano distinto, simbolizando a comunicación entre ambos mundos.








# As Propostas

O alumnado do Proxecto Competencial de plástica de 2º de ESO e do Taller de Plástica do ANPA foi o encargado de xerar as ideas. Aquí amósanse algunhas destas propostas. Finalmente seleccionáronse as propostas de:


**Mario Calderón Piñeiro** (3º ESO), para o tema “A Muller Labrega”

**Wara Pecka** de 2º ESO para o tema “A Emigración”.






27/10/23, 08:45




27/10/23, 08:46



Maria











27/10/23, 08:46
















27/10/23, 08:46



Maria







O proceso en imaxes



